

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE VALORACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN “INSTALACIÓN DUNHA REDE WIMAX EN TOREA E ABELLEIRA”.

1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a subministración e instalación dos equipos electrónicos necesarios para a implantación dunha rede wimax nas parroquias de Abelleira e Torea (Concello de Muros).

No caso de contradición entre este prego e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) Necesidades administrativas a satisfacer.

Coa instalación dos equipos a subministrar, o Concello de Muros poderá implantar unha rede wimax que lle permita prestación do servizo público universal de acceso á internet dos veciños das parroquias de Abelleira e Torea.

3) Réxime xurídico do contrato.

O presente contrato de subministración ten carácter administrativo e rexerase polo establecido nos seus pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas particulares, pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento e, se é o caso, pola normativa de contratación da Comunidade Autónoma de Galicia e disposicións de desenvolvemento. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resolto polo órgano de contratación, e os seus acordos porán fin á vía administrativa. Contra eses actos poderá interperse contencioso- administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

4) Órgano de contratación. Perfil do contratante.

O órgano de contratación no presente contrato é a Xunta de Goberno Local do Concello de Muros, de conformidade coa delegación efectuada pola Alcaldía mediante o Decreto 459/07, do 19 de xuño.

A información e datos relativos ao procedemento de contratación farase pública no perfil do contratante do Concello de Muros, accesible na dirección web http://www.muros.es/ga/perfil_contratante.html.

5) Orzamento do contrato e tipo de licitación.

O orzamento base de licitación do contrato establécese en 113.642,88 euros, sendo o prezo estimado (orzamento de licitación sen IVE) de 96.307,53 euros. O importe do IVE repercutible ascende a 17.335,35 euros.

O prezo do contrato financiarase con cargo ao crédito orzamentario consignado na partida 2011.491.36.62301 dos Orzamentos Xerais para o exercicio 2011.

Para o financiamento deste contrato outorgou unha subvención a Excm. Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do acordado no convenio de colaboración nº 345/2010.

Na contratación desta subministración entenderase que os licitadores, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe dese imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 LCSP.

6) Duración do contrato.

O prazo de execución do contrato fíxase en 45 días naturais, a contar desde o día seguinte ao de formalización do contrato.

7) Procedemento de adxudicación e tramitación do expediente.

O presente contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación, de acordo co establecido nos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP.

Na tramitación do expediente aplicarase o trámite de urxencia, segundo o previsto nos arts. 28 e 96 LCSP.

8) Capacidade para contratar.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumeran os artigos 43 e 49 da LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

Poderán presentar ofertas unións de empresarios aínda que a unión temporal de empresas non se formalizase en escritura pública. Non obstante, para o caso de resultar adxudicataria, deberán proceder a tal formalización no prazo máximo de quince días naturais a contar desde a notificación da adxudicación do contrato.

9) Lugar e prazo de presentación de proposicións.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello de Muros, no prazo de quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao publicación do anuncio de licitación no BOP da Coruña, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

A presentación de proposicións implicará a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas do presente prego e do de prescricións técnicas particulares sen reserva de ningún tipo.

Cando as proposicións se remitan por correo o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a súa remisión mediante fax o mesmo día da presentación. Sen a concorrencia deste requisito non será admitida a proposta.

Non obstante, transcorridos dez días desde a data da comunicación referida sen ter recibido a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal de empresas se o fixo individualmente nin formar parte de máis dunha unión temporal de empresas. A infracción destas normas dará lugar ao rexeitamento de tódalas proposicións que subscribíse.

10) Documentación das proposicións.

As proposicións presentaranse en dous sobres numerados correlativamente nos que se fará constar a denominación do licitador, o número do rexistro oficial de licitadores no que estea inscrito, se é o caso, e a lenda “Instalación dunha rede wimax en Torea e Abelleira. Concello de Muros”. Os sobres deberán ir asinados polo licitador ou persoa que o represente e poderán ser lacrados ou precintados.

A documentación presentárase do xeito que a seguir se indica:

10.1.- Sobre 1: subtítulo “Documentación”.

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

A-1) Empresario individual: copia autenticada do NIF ou pasaporte.

A-2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non for esixible a inscrición no Rexistro Mercantil deberán presentar escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresarios comunitarios.

Acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición no rexistro procedente, de conformidade coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos regulamentarios, segundo as disposicións comunitarias de aplicación.

A-4) Empresarios non españois de Estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 17 LCSP).

A-5) Empresarios de Estados non comunitarios.

Acreditarán a súa capacidade de obrar mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. No referido informe farase constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresarios estranxeiros.

Os empresarios estranxeiros deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos tribunais e xulgados españois, de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato e con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estraxeiro que lle puidese corresponder ao licitador.

B) Unións temporais de empresas.

Cando varios empresarios concorran á licitación como unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa aptitude para contratar, personalidade xurídica e solvencia nos termos previstos nesta cláusula. Así mesmo, deberán achegar a seguinte documentación:

- Declaración indicando os nomes e circunstancias das empresas que as constitúen, a participación de cada unha delas e o compromiso de constituírse formalmente en UTE para o caso de resultar adxudicataria do contrato.

- Designación dun representante ou apoderado único da UTE, con poder bastante para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas.

C) Documentos acreditativos da representación:

Cando o licitador sexa sociedade mercantil ou persoa xurídica, deberá acompañarse copia de poder notarial suficiente para representar á entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante bastantado polo Secretario do Concello, pola Avogacía do Estado ou polo órgano equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia

D) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de non estar incurso o licitador en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 49 da LCSP.

E) Acreditación da solvencia:

E-1) Solvencia económica e financeira: acreditarase por calquera dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP.

E-2) Solvencia técnica: acreditarase por calquera dos medios referidos nas letras a), b) ou e) do art. 66.1 LCSP e tendo en conta o establecido no apartado 2 do mesmo artigo.

F) Rexistros oficiais de licitadores:

Os licitadores poderán achegar certificación ou copia autenticada da inscrición nos rexistros de licitadores do Estado, das Comunidades Autónomas e da Deputación Provincial da Coruña, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos [apartados A-1), A-2), C) e D)].

G) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

H) Índice da documentación presentada.

10.2. Sobre 2: subtítulo “Oferta técnica”.

Conterá a documentación relativa aos criterios de adxudicación distintos do prezo:

1.- Memoria detallando a solución técnica proposta para a implantación da rede wimax nas parroquias de Torea e Abelleira.

Neste documento describirá a proposta técnica do licitador para a efectiva implantación da rede wimax, tendo en conta as infraestruturas existentes e os demais condicionantes de tipo técnico e

xeográfico. Así mesmo, conterá unha descrición do tipo, características técnicas, prestacións, vida útil e demais aspectos técnicos de interese dos equipos que han de servir para a implantación da rede. Finalmente, recollerá un orzamento detallado dos custos de implantación da solución técnica proposta.

2.- Compromiso do licitador de dispor na provincia da Coruña dun representante oficial, concesionario ou distribuidor dos produtos a subministrar e que dispoña dunha estocaxe mínima dos produtos necesarios para o mantemento dos bens.

3.- Declaración e compromiso de prazo de garantía da totalidade da subministración.

Xuntarase en folla independente un índice coa relación dos documentos que se presentan.

10.3. Sobre 3: subtítulo “Oferta económica”.

Conterá a proposición económica ofertada polo licitador segundo o modelo do Anexo 2.

11) Orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán ser orixinais. Non obstante, e de conformidade cos principios de simplificación administrativa e de facilidade para a prestación de servizos establecidos pola Lei 17/2009, do 23 de decembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, admitirase a presentación de copias da documentación mencionada. Neste caso, os licitadores responderán da autenticidade da documentación aportada sen prexuízo da facultade do Concello de Muros para requirir do licitador a presentación de orixinais ou copias autenticadas.

12) Criterios de adxudicación.

12.1. Criterios avaliados automaticamente:

a) Mellor oferta económica: cualificarase cunha puntuación de entre 0 e 8 puntos.

As puntuacións correspondentes ás ofertas económicas obteranse con arranxo á seguinte fórmula:

$$P = 8 \times \text{Of L} / \text{Of M}$$

Sendo:

“P” a puntuación total.

“Of M” a oferta mellor presentada polos licitadores no procedemento.

“Of L” a oferta presentada polo licitador que se valora.

b) Ampliación do prazo de garantía dos bens subministrados: cualificarase cunha puntuación de entre 0 e 4 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación á mellor proposta e 0 puntos ás que igualem o prazo de garantía establecido nos pregos, atribuíndo as restantes puntuacións segundo criterios de proporcionalidade matemática.

12.2. Criterios non avaliados automaticamente.

a) Solución técnica para a subministración de equipos e implantación da rede wimax nas parroquias de Torea e Abelleira: valorarase con entre 0 e 8 puntos.

A atribución de puntuación efectuarase logo da valoración das propostas polos servizos técnicos municipais.

13) Garantías.

Non se esixe a prestación de garantía provisional para tomar parte no procedemento de licitación.

O licitador proposto para a adxudicación do contrato deberá prestar unha garantía do cinco (5) por cento do importe de adxudicación, excluído o IVE, por calquera dos medios descritos no art. 84.1 LCSP.

14) Admisión e rexeitamento de proposicións.

As proposicións que non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, excedan do orzamento base de licitación ou non se axusten ao establecido neste prego serán rexeitadas motivadamente.

O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación.

15) Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase que a oferta económica contén valores anormais ou desproporcionados no referido ao factor “prezo” nos supostos contemplados no art. 85 do Regulamento xeral da LCAP.

Cando se considere anormal ou desproporcionada unha oferta darase audiencia ao licitador e procederase segundo o previsto no art. 136.3 LCSP. Para o caso de que o órgano de contratación estime que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación a favor da seguinte oferta máis vantaxosa.

16) Mesa de contratación.

A Mesa de contratación estará composta, segundo o establecido na Disposición Adicional 2ª LCSP e de conformidade co acordado polo Pleno do Concello de Muros na sesión do 11 de xullo de 2007, polos seguintes membros.

- presidente: o da Corporación ou concelleiro no que delegue
- vogais: o Secretario, o Interventor e un concelleiro de cada un dos grupos políticos municipais
- secretario: un funcionario da Corporación.

17) Apertura de proposicións e valoración de ofertas.

17.1.- Cualificación da documentación xeral.

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores (**sobre nº 1**). De observar defectos materiais na documentación presentada notificarallo por fax ao licitador e outorgaralle un prazo de tres días hábiles para que proceda á súa corrección.

Se a documentación contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación. A estes efectos, a ausencia de total de documentación relativa a algún dos aspectos esixibles, terá a consideración de erro insubsanable.

A Mesa de contratación poderá solicitar dos licitadores as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados así como requirilos para a presentación de documentación complementaria, a efectos de completar a acreditación da solvencia esixida. O prazo máximo para cumprimentar tales aclaracións e achegar documentos será de tres días hábiles.

17.2.- Apertura de proposicións e proposta de adxudicación.

A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do **sobre nº 1** e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do **sobre nº 2** dos licitadores admitidos.

O acto público de apertura de proposicións non avaliábel automaticamente terá lugar nun prazo de 5 días a contar desde a apertura do **sobre nº 1** e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación e no taboleiro de anuncios do Concello de Muros cunha antelación mínima de 2 días hábiles.

Nun prazo máximo de 5 días desde a apertura do **sobre nº 2**, terá lugar o acto público de apertura das ofertas económicas dos licitadores (**sobre nº 3**). Nesa sesión, o presidente da Mesa de contratación, antes da apertura de proposicións, dará conta da ponderación acadada polos licitadores nos criterios de adxudicación non valorábel automaticamente.

A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, clasificará as ofertas presentadas polos licitadores en orde decrecente segundo a súa puntuación e elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ao concello (art. 144.2 LCSP).

17.3.- Documentación a presentar para a adxudicación.

Á vista da proposta da Mesa, o órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, xustifique:

a) atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Muros. Para isto deberá presentar a seguinte documentación:

- último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. A alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato

que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto;

- certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último;

- certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias con esta Administración.

A comprobación da inexistencia de débedas tributarias pendentes co Concello de Muros practicarase de oficio polo concello.

b) estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, para o que deberá achegar certificación expedida pola autoridade administrativa competente.

c) ter constituída a garantía definitiva do contrato por calquera dos medios previstos no art. 84.1 LCSP.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaon clasificadas as ofertas.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

18) Adxudicación.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire a cláusula 17.3.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

A adxudicación será motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

O prazo máximo para efectuar a adxudicación do contrato será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 145.2 LCSP).

19) Formalización do contrato.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro do prazo dos quince días hábiles contado desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.

20) Execución do contrato.

1.- O adxudicatario deberá facer entrega e proceder á instalación dos bens obxecto da subministración de conformidade coa súa proposta técnica, no prazo de corenta e cinco (45) días naturais contado desde a data de sinatura do contrato.

A Administración resérvase a facultade de modificar o lugar e programa de entrega dos bens en razón das súas necesidades, previa notificación ao contratista.

2.- O adxudicatario non terá dereito a indemnización de ningún tipo pola deterioración sufrida polos bens antes do acto formal de entrega.

3.- Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración serán de conta do adxudicatario.

4.- Se os bens entregados non se atopasen en estado de ser recibidos, farase constar na acta de recepción e o contratista, previas as indicacións pertinentes, deberá subsanar os defectos apreizados polo órgano de contratación ou proceda á substitución dos bens.

5.- O contratista deberá entregar a toda a documentación, instrucións e manuais, redactados en galego ou castelán, e facilitar a información suficiente que poida requirirse pola Administración para a axeitada utilización dos bens subministrados. Todo iso sen custo adicional para o Concello de Muros.

6.- O prazo de garantía mínimo dos bens subministrados será de dous anos, sen prexuízo do ofertado polos licitadores, a contar desde a data de recepción formal polo concello. Se durante o prazo de garantía o órgano de contratación estimase que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido debido aos vicios e defectos que neles concorran, poderá rexeitalos, deixándoos de conta do contratista e eximíndose da obriga do seu pago ou tendo dereito á recuperación do prezo satisfeito, no seu caso.

Rematado o prazo de garantía sen que o órgano de contratación formalizase reparos, o contratista quedará exento de calquera tipo de responsabilidade polos bens entregados.

7.- O empresario contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia de laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

8.- Durante a execución do contrato, o adxudicatario deberá cumprir a normativa medioambiental vixente. Así mesmo, obrígase á correcta xestión dos residuos xerados como resultado do cumprimento do contrato.

9.- Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

10.- O adxudicatario obrígase ao pagamento dos gastos tributarios derivados do contrato e máis dos gastos de publicación da licitación en diarios oficiais.

21) Dereitos do adxudicatario.

1.- Dereito ao aboamento do prezo da subministración no prazo de cincuenta días contados desde o seguinte ao da data de expedición e rexistro da correspondente factura, sempre que a subministración se realizase a satisfacción do órgano de contratación.

2.- Se a administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo de 50 días a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do devandito prazo, aos xuros de mora e á indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 200.4 da LCSP.

Se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentase no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se corrixa os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no Rexistro Xeral.

3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á Administración cun mes de antelación tal

circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito meses.

5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 201 da LCSP.

6.- Os adxudicatarios poderán ceder e subcontratar as prestacións obxecto do presente contrato conforme ao regulado nos arts. 209 e 210 e 211 LCSP, respectivamente.

22) Revisión de prezos.

En atención á natureza e duración do contrato exclúese a revisión de prezos.

23) Penalidades administrativas.

O contratista está obrigado a subministrar os bens obxecto do contrato dentro do prazo sinalado nos presentes pregos. A mora do contratista no cumprimento do contrato non precisará intimación previa por parte do órgano de contratación.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrese en demora no cumprimento do contrato, o órgano de contratación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 2,00 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, en atención á natureza do mesmo e tendo en conta a urxencia na subministración dos bens.

Cada vez, que as penalidades por demora acaden un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

24) Modificacións do contrato.

As modificacións do contrato rexeranse polo disposto nos arts. 202 e 272 LCSP e formalizáranse en documento administrativo consonte ao establecido polo art. 140 LCSP.

25) Prazo de garantía da subministración e devolución da garantía definitiva.

O prazo de garantía dos bens obxecto da subministración será dun mínimo de dous anos, sen prexuízo do maior prazo ofertado polo adxudicatario, e contarase desde a data da súa recepción formal.

Rematado o prazo de garantía sen que se houberen formalizado reparos aos bens subministrados, procederase á devolución da garantía definitiva constituída.

26) Obriga de confidencialidade.

A información facilitada polo Concello de Muros ou a obtida polos licitadores en relación co presente contrato terá carácter confidencial, debendo estes gardar o debido sigilo profesional. Esta obriga ten carácter indefinido, agás autorización da Administración previa petición xustificada.

27) Causas de resolución.

Serán as previstas nos artigos 206 e 275 LCSP, aplicándose segundo o disposto polo art. 207 LCSP.

A resolución do presente contrato, polas causas indicadas, terá os efectos que se detallan nos artigos 208 e 276.

ANEXO 1.- CADRO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO CONTRATO. PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

DENOMINACIÓN	<i>Instalación dunha rede wimax en Torea e Abelleira</i>
REGULACIÓN HARMONIZADA	<i>Non.</i>
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	<i>2011.491.36.62301</i>
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	<i>113.642,88 euros.</i>
VALOR ESTIMADO	<i>96.307,53 euros.</i>
PRAZO DE ENTREGA	<i>Corenta e cinco (45) días naturais.</i>
CLASIFICACIÓN	<i>Non se esixe.</i>
PRAZO PARA OFERTAS	<i>Quince (15) días naturais</i>
GARANTÍA PROVISIONAL	<i>Non se esixe</i>
GARANTÍA DEFINITIVA	<i>5% do prezo de adxudicación sen IVE</i>
REVISIÓN DE PREZOS	<i>Non.</i>
PRAZO DE GARANTÍA MÍNIMO	<i>Dous (2) anos desde recepción.</i>
MÁX. GASTOS PUBLICIDADE A CARGO DO CONTRATISTA	<i>Catrocentos (400) euros.</i>
INFORMACIÓN	<i>Concello de Muros: Curro da Praza, 1 – 15250 Muros (A Coruña) Tlf. 981 82 60 50/ Fax: 981 76 22 57/ correo @muros.dicoruna.es</i>

ANEXO 2.- MODELO DE OFERTA ECONÓMICA.

*D./ D^a., con D.N.I., en nome propio (ou en representación de), con domicilio a efectos de notificacións en, participa no procedemento aberto con múltiples criterios de valoración para a contratación da subministración “**Instalación dunha rede wimax en Torea e Abelleira**”.*

Así mesmo, comprométese a executar o contrato no prezo que indica, con estricte suxeición aos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, os cales coñece e acepta integramente, realizando a seguinte oferta económica:

-PREZO SEN IVE (en número e letra):

-IVE (en número e letra):

-PREZO TOTAL (en número e letra):

Para a práctica das notificacións e comunicacións ás que puidese dar lugar a súa participación nesta licitación sinala os seguintes:

- a) Domicilio a efecto de notificacións:
- b) Teléfono:
- c) Fax:
- d) Correo electrónico:

(Lugar, data e sinatura do proponente).

ANEXO 3.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON INCORRER EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR E AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE INFORMACIÓN.

D./D^acon DNI.....e domicilio en..... en nome propio ou en representación da empresaá que representa no procedemento de adxudicación do contrato subministración **“Instalación dunha rede wimax en Torea e Abelleira”**, DECLARA

1º.- que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP.

2º.- que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Así mesmo, AUTORIZA ao Concello de Muros para a cesión de información en relación co cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social en procedementos de contratación ás Administracións estatal e autonómica.

(Lugar, data e sinatura do proponente).

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE VALORACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN “INSTALACIÓN DUNHA REDE WIMAX EN TOREA E ABELLEIRA”.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

1.1.- Material que se desexa adquirir.

O Concello de Muros de acordo coa lexislación vixente, e ao abeiro do Convenio de colaboración nº 345/2010 suscrito coa Deputación Provincial de A Coruña, pretende adquirir mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración os bens de equipo necesarios para prestar o servizo de acceso á Internet mediante a implantación dunha rede wimax ás parroquias de Toreia e Abelleira.

O contrato comprende, ademais da subministración dos bens a instalación dos mesmos en condicións de posta en funcionamento inmediato para dar cobertura wimax ás parroquias de Toreia e Abelleira.

1.2. Especificacións dos equipos.

Os equipos a subministrar, así como o material adicional que, no seu caso sexa preciso, será novo e deberá contar con tódalas homologacións esixibles de acordo coa vixente normativa comunitaria, nacional e autonómica se a houbese.

2. ORZAMENTO.

O orzamento máximo de licitación é de 113.642,88 euros (IVE incluído), sendo o prezo estimado do contrato (orzamento de licitación sen IVE) de 96.307,53 euros. O importe máximo do IVE repercutible ascende a 17.335,35 euros.

3. PRAZO DE ENTREGA.

O prazo de entrega e instalación dos equipos será de 45 días naturais, contados dende data de sinatura do documento de formalización.

4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

Os bens obxecto da subministración terán como mínimo as características que se indican a continuación. En calquera caso as características técnicas que se describen son mínimos que inexcusablemente teñen que cumprir as ofertas presentadas podendo ser melloradas polos contratistas mediante a oferta de máquinas semellantes que reúnan maiores prestacións técnicas ou de complementos ou accesorios adicionais.

4.1.- Tecnoloxía da rede wimax a implantar:

Os equipos a subministrar axustaranse ao estándar WIMAX IEEE 802.16- 2005.

4.2.- Largo de banda útil mínimo por cada 20 Mhz de espectro:

Os bens a subministrar han de garantir, como mínimo, un largo de banda de 70 Mbps.

4.3.- Capacidade de usuarios mínima:

A rede wimax a implantar ha de ter unha capacidade mínima de 650 usuarios

5. SERVIZO TÉCNICO.

O subministrador deberá contar con servizo técnico, propio ou en colaboración co fabricante, para o mantemento e arranxo de avarías dos bens subministrados.”